

I CARREIRA POPULAR SOLIDARIA DA PISCINA MUNICIPAL DE MUROS

O Concello de Muros, dende a Piscina Municipal, celebran a súa I Carreira Popular Solidaria o sábado 25 de agosto do 2012 na localidade de Muros baixo o control técnico da **Federación Galega de Atletismo (Delegación en Santiago)** e de acordo co seguinte

REGULAMENTO

1. Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha sola clasificación conxunta. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuices da Federación Galega de Atletismo, Delegación de Santiago de Compostela.

2. CATEGORIAS DOS PARTICIPANTES:

- ✘ **PAÑALES:** menores de 2 anos (carritos de bebé)
- ✘ **CHUPETE:** atletas nados en 2008 e 2009 (> de 2 anos)
- ✘ **PREBENXAMIN** atletas nados nos anos 2005, 2006 e 2007
- ✘ **BENXAMIN:** atletas nados nos anos 2003 e 2004
- ✘ **ALEVIN:** atletas nados nos anos 2002 e 2001
- ✘ **INFANTIL:** atletas nados nos anos 1999 e 2000
- ✘ **CADETE:** atletas nados nos anos 1997 e 1998
- ✘ **XUVENIL-JUNIOR:** atletas nados nos anos 1996, 1995, 1994 e 1993
- ✘ **PROMESA-SENIOR:** atletas nados en 1992 e 1978 (ata veteranos)
- ✘ **VETERANOS/AS A:** atletas nados/as entre 1977 e 1963
- ✘ **VETERANOS/AS B:** atletas nados/as entre 1962 e 1947
- ✘ **VETERANOS/AS C:** atletas nados/as en 1946 e anteriores

3. DISTANCIAS E HORARIOS:

A saída da proba das categorías infantil e cadete e das categorías de xuvenil en diante, así como da Andaina e da categoría pañales realizarase desde a Piscina Municipal de Muros.

A saída do resto das probas (pañales, chupete, prebenxamín, benxamín e alevín) realizarase desde a Praza do Concello, **lugar de chegada de todas as probas**.

A carreira é apta para todo o mundo e poderase ir camiñando.

HORA	CATEGORIAS	DISTANCIA
11:00 h	XUVENIL-JUNIOR, PROMESA- SENIOR e VETERANOS (carreira a pé)	5000 m aprox
11:15 h	INFANTIL e CADETE M/F, ANDAINA e PAÑALES M/F	3500 m aprox
12:00 h	PREBENXAMIN M/F	250 m aprox
12:15 h	BENXAMIN M/F	650 m aprox
12:30 h	ALEVIN M/F	1300 m aprox
12:45 h	CHUPETE M/F	50 m aprox

4. PROGRAMA DA XORNADA ATLETICA

- 10:00 h-** Entrega dos dorsais para os adultos, Andaina, infantís, cadetes e pañales na Piscina Municipal de Muros. SAIDA das probas desde ese punto.
- 11:00 h-** Saída dos adultos (Carreira a pé).
- 11:15 h-** Saída dos infantís e cadetes, Andaina adultos e pañales M/F.
- 11:30 h-** Entrega dos dorsais ás categorías inferiores:
prebenxamíns, benxamíns, alevíns, chupetes no Curro da Praza.
- 12:00 h-** Saída dos prebenxamíns.
- 12:15 h-** Saída dos benxamíns.
- 12:30 h-** Saída dos alevíns.
- 12:45 h-** Saída dos chupetes.
- 13:00 h-** Master Class Zumba e exhibición Baile Infantil.
- 14:00 h-** Entrega de Premios e sorteo de camisetas.

5. As **INSCRICIONS** poderanse remitir ó correo electrónico piscinamunicipaldemuros@gmail.com ou no teléfono **981 826 966** en horario de 08:00 a 14:00 horas, facendo constar os seguintes datos: **nome e apelidos, DNI, data de nacemento, clube e nº de licencia federativa (se a ten ou simplemente indicar se é atleta federado).**

O prazo de inscrición rematará o 23 de agosto ás 14 horas.

O prezo de inscrición será de **3 €** a partir da categoría xuvenil en adiante e poderá ser realizado directamente na Piscina municipal ata o remate do prazo de inscrición e en horario de 9:00 a 14 horas, ou ingresando a cantidade no nº de conta de **NOVA GALICIA BANCO 2080 5159 74 3040005672** (facer constar no concepto nome e apelidos do participante).

6. Haberá servizo de vestuario e duchas a disposición de tódolos atletas na Piscina Municipal de Muros (a carón da saída das probas das 11 horas) a partir das 12 horas do mediodía.

7. PREMIOS e AGASALLOS

- Trofeo o gañador e medalla ó 2º e 3º clasificado de cada categoría e sexo a partir da categoría infantil.
- Medallas a todos os participantes das categorías pañales, chupete, prebenxamín, benxamín e alevín.
- Trofeo ós gañadores/as das categorías benxamín e alevín.
- Camiseta conmemorativa do evento ata fin de existencias (250).
- Sorteio de material deportivo o finalizar as probas.

8. As reclamacións ós resultados oficiais, os cales estarán expostos na zona de meta, deberán formularse verbalmente ó **Xuíz Árbitro** da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.

9. Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo co Regulamento da **RFEA** e **IAAF** en vigor.